

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA

# CANTO

TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO 2019-2020

PEDRO MARTÍNEZ TAPIA

Debido á situación excepcional provocada polo Covid-19, e seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de Galicia, procedemos á adaptación das programacións didácticas para este terceiro trimestre, tendo en conta que nos centraremos no reforzo, repaso e recuperación do 1º e 2º trimestre, así coma na profundización e ampliación daquelas aprendizaxes necesarias para que o alumando continúe satisfactoriamente co seu proceso educativo.

1. OBXECTIVOS
2. CONTIDOS
3. METODOLOXÍA
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
7. ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES
  - A. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
  - B. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
  - C. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

## 1. OBXECTIVOS

- Continuar coa adquisición da técnica de respiración diafragmática aplicada ó canto mediante exercicios de respiración.
- Continuar coa adquisición dos elementos da técnica do canto mediante exercicios de vocalización.
- Profundizar na lectura das obras traballadas nos anteriores trimestres do repertorio individualizado de cada alumno/a.
- Traballar a adquisición de elementos de fraseo, articulación, diferenciación de estilos e expresividade.
- Memorización das pezas de repertorio “escénico” traballadas durante o curso.

## 2. CONTIDOS

- Exercicios de respiración.
- Exercicios de técnica vocal.
- Repertorio individualizado de cada alumno/a.
- Fraseo, articulación, estilo e expresividade.
- Memorización.

## 3. METODOLOXÍA

Debido á situación sanitaria actual a metodoloxía, sempre práctica, consiste na realización das clases mediante intercambio de arquivos a través de diversos medios dixitais, mediante os cales o alumno traballa os contidos da asignatura (repertorio e exercicios técnicos de vocalización) e recibe os comentarios e correccións do profesor.

#### **4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación será contínua e relativa á consecución dos obxectivos nas pezas que foran comezadas a traballar antes do período de confinamento. Terase en conta o traballado no período anterior, e únicamente as actividades realizadas durante o terceiro trimestre que favorezan ao alumnado.

#### **5. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN**

A comprobación das cualificacións dos anteriores trimestres e a valoración do desenvolvemento das clases telemáticas.

#### **6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A nota final será a obtida no segundo trimestre, agás naqueles casos nos que o desenvolvemento das clases mellore dita cualificación.

#### **7. ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES**

Non hai alumnos con materias pendentes.

Pedro Martínez Tapia,

A Coruña, 5 de maio de 2020